



## CONCELLO DE MUXIA

Teléfonos: 981. 74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981. 74 22 98

Rúa Real, 35 - C.P: 15124 ( A Coruña )

[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

E-Mail: [correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)

### BANDO INFORMATIVO

Santiago Toba Campaña, Alcalde do Concello de Muxía,

#### FAI SABER

A Resolución de 13 de marzo 2020 da Xunta de Galicia declara a situación de emerxencia sanitaria na Comunidade Autónoma de Galica, declarando medidas de protección da poboación así como a suspensión da actividade, durante 14 días, de todos os establecementos aos que se refire o Decreto 124/2019 de Catálogo de espectáculos públicos, entre outros:

\* Cafeterías bares e restaurantes, podendo exclusivamente prestar servizos de entrega a domicilio ou para a súa recollida no local e consumo no domicilio.

O peche non afectará a bares e restaurantes localizados en establecementos hoteleiros ou no interior de instalacións de prestación de servizos públicos, sempre que a súa actividade sexa limitada aos clientes aloxados ou aos traballadores das instalacións.

\* Comercios minoristas a excepción dos establecementos comerciais minoristas de alimentación e produtos e bens de primeira necesidade.

\* Albergues de peregrinos da rede pública da Xunta de Galicia.

\* Os tanatorios ou calquera instalación asimilada quedará reducida a un tercio da súa capacidade e os cortexos fúnebres quedan reducidos a un máximo de 25 persoas.

Permanecen pechadas todas as instalacións municipais: Ximnasio, Polideportivo, Biblioteca, E.S.M, etc.

Recoméndase permanecer nos domicilios.

Recoméndase preservar o tel 900400116 só para chamadas de persoas con síntomas e o 061 para urxencias sanitarias.

Muxía, 14 de marzo 2020.

O Alcalde

